

# Fala Londres 3

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



## Regueifando

A regueifa é unha disputa en verso entre dúas ou máis persoas. As coplas da regueifa son de versos octosílabos e riman o segundo e cuarto verso, e quedan libres o primeiro e o terceiro. Pode seguir distintas melodías e ten certo parecido coas batallas de galos actuais.

O alumnado máis novo participou no Correlingua 2022 con tres coplas realizadas e gravadas no noso centro.

Regueifa is a dispute in poetry between two or more people. The songs of the regueifa are of octosyllabic verses and rhyme in the second and fourth verse, and the first and third are free. It can follow different melodies and bears certain resemblance to the current cockfights. The newest students participated in Correlingua 2022 with three songs performed and recorded at our school.

## Día do Libro

Celebramos o Día do Libro co concurso de Portadas por inventar sobre os escritores galegos que gañaron o Premio Nacional de Narrativa. E para os máis pequenos, tivemos unha sesión de contacontos dentro da Feira do Libro.

We celebrate the Day of the Book with the Contest of Covers for inventing about the Galician writers who won the National Narrative Prize. And for the little ones, we had a storytelling in the Book Fair.



## A Virxe Roxa

En xuño de 1933, un suceso conmociona á España da época: Aurora Rodríguez Carballeira acaba coa vida da súa propia filla, de 18 anos, de catro disparos. Non se trataba dunha moza calquera. Hildegart Rodríguez era unha nena prodixio da política, unha precoz intelectual e pioneira do feminismo en España. O mito de Frankenstein faise realidade nunha España ás portas da guerra civil.

In June 1933, an event shocked Spain of that time: Aurora Rodríguez Carballeira ended the life of her own daughter, aged 18, by shooting her four times. This was no ordinary girl. Hildegart Rodríguez was a political prodigy, a precocious intellectual and pioneer of feminism in Spain. The Frankenstein myth becomes a reality in Spain on the eve of the civil war.





# Maios

Por segundo ano, celebramos esta festa popular que forma parte do chamado ciclo maio, época de exaltación da natureza polo comezo da primavera e cuxas orixes se remontan ás civilizacións prerromanas. Nesta ocasión, eliximos un poema "Ai vén o Maio" de Florencio Delgado Gurriarán para facermos a cantiga.

For the second year, we celebrate this popular festival, that is part of the so-called May cycle, a time of exaltation of nature due to the beginning of spring and whose origins date back to pre-Roman civilizations. On this occasion, we chose a poem "Ai vén o Maio" by Florencio Delgado Gurriarán, to perform a cantiga.

# Historia da literatura

Este trimestre, fixemos varios pósters con información das diferentes etapas da literatura galega e as obras máis destacadas. Os códigos QR en cada póster enlazan con poemas musicados dos distintos autores.

This term, we made several posters with information about the different eras of Galician literature and the most outstanding works. We also put a QR code on each poster with music and poems by different authors.

HISTORIA  
DA  
LITERATURA  
GALEGA

CON CÓDIGOS QR



XUNO 2022

SÁBADO, 18 DE XUÑO, 18.00 h

IE Vicente Cañada Blanch - 317 Portobello Road London W10 5SZ

WELCOME TO  
MA MAISON



CICLO MESTRE MATEO

# A poeta analfabeta

...  
Un documental experimental no que perseguimos a Igor Fernández para que cumpra o seu soño de atoparse co seu director favorito e amosarlle a súa tese sobre as mans no cinema. Un falso documental, rodado a modo de making of, onde todo o que se mostra é 100% real.

An experimental documentary in which we follow Igor Fernández so that he fulfils his dream of meeting his favourite director and show him his thesis on hands in cinema. A fake documentary, filmed as a making of, where everything that is shown is 100% real.



# Letras Galegas 2022



Co gallo das Letras galegas, houbo actividades para conmemorar a figura de Florencio Delgado Gurriarrán: exposición sobre o autor e un breve percorrido pola literatura galega a través de códigos QR, unha conferencia a cargo do pintor, actor e director Anxo Baranga desde Córrego, un recital poético, concursos de cartel, marcapáxinas, logo e literario, cinema, música, xogos e premios.

On the day of Galician Letters, there were activities to commemorate the figure of Florencio Delgado Gurriarrán: an exhibition on the author and a brief tour of Galician literature through QR codes, a conference by the painter, actor and director Anxo Baranga from Córrego, a poetry recital, poster contests, page markers, logo and literary contests, cinema, music, games and prizes.

## A poeta analfabeta

Retrata a unha muller fascinante: Luz Fandiño. Poeta, activista, feminista, nacionalista e revolucionaria. Aos seus 88 anos, é unha das voces vivas da emigración galega, da que voltou pobre pero cunha fonda consciencia da súa identidade, a súa lingua e o seu xénero. Luz é testemuña viva das realidades máis duras do século XX. Por ser muller, por ser emigrante, por ser pobre...

Portraits a fascinating woman: Luz Fandiño. Poet, activist, feminist, nationalist and revolutionary. At 88 years old, she is one of the living voices of Galician emigration, from which she returned poor but with a deep awareness of her identity, her language and her gender. Luz is a living testimony of the hardest realities of the 20th century. For being a woman, for being an emigrant, for being poor...



## Solsticio de verán

A noite de San Xoán, que coincide co solsticio de verán, recordamos algunhas das tradicións con máis maxia baseándonos nos tres elementos: herbas, auga e lume. Recollemos 7 herbas, buscamos 7 fontes, deixámoslos toda a noite ao sereno e, tras lavarnos con ela, pedimos 7 desexos... Agardamos que o verán nos sexa venturoso!!!

On the night of San Juan, which coincides with the summer solstice, we remember some of the most magical traditions based on the three elements: herbs, water and fire.

We gathered 7 herbs, looked for 7 fountains, left them all night long and, after washing ourselves with them, we asked for 7 wishes... Let's hope that the summer will be favourable to us!!!

